

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 25/3013

Feitos

Con datas do 16 e 21 de abril do 2025, este servizo de persoal docente e investigador recibe comunicación de que os seguintes membros da comisión de selección da praza 25/3013, de profesor/a axudante doutor/a do departamento de Ciencias da Saúde (convocada por Resolución reitoral do 29 de xaneiro do 2025), comunica que os seguintes membros da comisión incorren en conflito de intereses, dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos, cunha das persoas candidatas:

De Rosende Celeiro, Iván: secretario titular

Ávila Álvarez, Adriana Ivette: secretaria suplente

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.12 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, aprobada no Consello de Goberno do 07.11.2024, establece que os membros das comisións deberán renunciar a formar parte da comisión cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no dito apartado, con algunha das persoas candidatas. No presente caso a causa alegada xustifica a substitución das secretarías titular e suplente.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo co indicado, dispón as seguintes substitucións, para a comisión da praza indicada:

Secretaría titular: substitúese a Iván de Rosende Celeiro por Carla Freijomil Vázquez, proposta polo departamento con data do 23 de abril de 2025.

Secretaría Suplente: substitúese a Adriana Ivette Ávila Álvarez por María Jesús Movilla Fernández, proposta polo departamento con data do 23 de abril de 2025.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández